

**VAC TUI-A GUARDA.
ENLACE COMPLETO CO POLÍGONO DE AREAS.
P.Q. 0+630**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación consiste na execución dos ramais sentido Tomiño, que permitan completar os movementos do enlace de Areas, no punto quilométrico (P.Q) 0+630 da VAC Tui – A Guarda. A finalidade da actuación é completar o eixo de altas prestacións entre Tui e A Guarda, continuando a conexión entre o enlace de Areas e a PO-350, necesario para solucionar o tráfico e mellorar as conexións dun polígono que rexistra unha importante actividade económica e industrial.

2. Plan de Estradas

A VAC Tui-A Guarda (estrada AG-42) pertence á rede estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

- Ramal de saída a Tomiño (eixo 1.3): sitúase na marxe dereita da vía de alta capacidade (VAC) e resolve o movemento de saída do polígono de Areas cara a VAC sentido a Guarda. Ten unha lonxitude de 140 m, cun radio mínimo en planta de 200 m e pendente máxima do 10 %. Esta pendente máxima ven condicionada pola cota de entronque coa glorieta existente e a correspondente ó tronco da VAC.
- Ramal de entrada a Tomiño (eixo 1.4): sitúase na marxe esquerda da VAC e resolve o movemento de saída da autovía (sentido Tui) cara o enlace de Areas. O ramal ten unha lonxitude de 118 m, cun radio mínimo en planta de 55 m. O valor do radio ven condicionado pola necesidade de afastar o punto de entronque coa vía de conexión ao polígono de Areas da zona de fluxo preferente do regato de San Martiño, para minimizar a súa afección. A pendente máxima adoptada será do 7%.
- Disporase unha senda peonil adxacente a estrada de conexión ao polígono que permita a circulación de viandantes de forma segura.
- Reposición de dous camiños existentes que se ven afectados coa execución dos ramais e carrís de cambio de velocidade.

4. Características técnicas

Os carrís de cambio de velocidade deséñanse para unha $v = 80 - 100$ km/h no enlace co polígono de Areas; para as velocidades Vao (Vehículos de Alta Ocupación) e Vdf (Velocidade na sección característica final do carril de aceleración/deceleración), tómasse 60 km/h para o carril de aceleración e 40 km/h para o de deceleración.

- Seccións:

Sección tipo do tronco da VAC, coa

incorporación dos carrís de cambio de velocidade

Calzadas: 2 calzadas de 2 carrís de 3,50 m cada un

Carril de entrada ou saída 3,50 m

Mediana 2,00 m

Beiravía dereita 2,75 m

Beiravía esquerda 1,25 m

Bermas exteriores 0,75m

Ramais de sentido único de circulación (eixos 1.3 e 1.4)

Calzada: un carril de 4 m máis sobreancho

Beiravía dereita 2,75 m

Beiravía esquerda 1,25 m

Bermas 0,75 m

Os itinerarios peonís terán un ancho mínimo de 1,80 m. e os camiños de servizo a repoñer terán un ancho mínimo de 4 m.

- Firmes e pavimentos:

- Firmes tronco de VAC:

Carril esquerdo:

3 cm de capa de rodaxe de mestura bituminosa en quente

(MBQ) BBTM 11B PMB 45/80-60

6 cm de capa intermedia de MBQ AC22 bin BC50/70 D

10 cm de capa base de AC22 base BC50/70 S

35 cm de subbase de saburra artificial

De maneira xeral, en toda a sección dispórase de 50 cm de solo seleccionado na coroa da explanada; sobre a subbase, unha rega de imprimación C60BF4 IMP; sobre cada capa de base, unha rega de adherencia (RA) con emulsión bituminosa C60B3 TER; sobre a capa intermedia, unha RA con emulsión bituminosa modificada con polímeros C60BP3 TER.

- Ramais: seguirase a mesma configuración que para o carril dereito do tronco.
- Camiños de servizo: dobre tratamento superficial, capa de 15 cm de macadam e capa de 30 cm de solo seleccionado.
- Senda peonil: 6 cm de pavimento de formigón coloreado HF-3,5 + 10 cm de pavimento de formigón gris HF-3,5.

- Levaranse a cabo obras de drenaxe e sinalización, balizamento e defensas.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Tui 17.454 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Tui.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 17 (superficie a expropiar 2.426 m²)

Expropiacións de terreos 21.120,32 €

Premio de afección 1056,02 €

Total expropiacións e indemnizacións 22.176,34 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.

9. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 1.518.647,97 €

Orzamento Expropiacións 22.176,34 €

Orzamento Plan de Vixilancia Ambiental 26.618,84 €

Orzamento para coñecemento da administración: 1.567.443,15 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

